

XEOGRAFÍA

VALORACIÓN: **A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos:** requírese unha **breve definición en termos xeográficos.** **A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 1 punto:** solicítase **unicamente** citar los elementos. **A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3,5 puntos:** valorarase a organización e a exposición de contidos. **A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3,5 puntos:** pídense a correcta interpretación e explicación do documento, analizando as causas e consecuencias dos feitos expostos.

OPCIÓN 1

1.1. Defina brevemente: EXPLOTACIÓN EXTENSIVA, EMIGRACIÓN, ESTIAXE, GLOBALIZACIÓN, CURVA DE NIVEL.

1.2. Na Figura A-1 aparece un mapa con cinco accidentes xeográficos. Cite vostede o nome correspondente a cada número.

1.3. Desenvolva a cuestión: **Caracteres termopluviométricos e paisaxes bioclimáticas na España Seca.** Orientáns para o desenvolvemento: caracterización da España Seca, o significado da aridez, a distribución anual das temperaturas e as precipitacións, as principais paisaxes vexetais, etc.

1.4. Comente vostede a Figura B-1. Orientáns para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), contrastes entre ambos os grupos de poboación representados, contrastes por idades, evolución temporal, causas e consecuencias do fenómeno migratorio, etc.

OPCIÓN 2

2.1. Defina brevemente: CULTIVO FORRAXEIRO, ESTEIRO, ACUÍFERO, ECONOMÍA SOMERXIDA, AUGAS XURISDICIONAIS.

2.2. Na Figura A-2 aparece a trama das provincias españolas. Cite vostede o nome das que aparecen sinaladas cun número.

2.3. Desenvolva a cuestión: **A importancia do turismo en España e os seus impactos.** Orientáns para o desenvolvemento: definición de turismo e inserción na actividade económica, factores xeográficos do turismo en España, áreas turísticas, impactos socioeconómicos e espaciais, etc.

2.4. Comente vostede a Figura B-2. Orientáns para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), características da distribución dos feitos representados, ubicación espacial e nas variedades climáticas españolas, consecuencias na paisaxe, etc.



XEOGRAFÍA






FIG. A-1

Pirámide de población española y extranjera

1 de enero de 2000



1 de enero de 2006



■■■ Españoles — Extranjeros

FIG. B-1



XEOGRAFÍA





FIG. A-2



Temperatura media anual: 18,8°. Precipitacións anuais: 572 mm. Amplitude térmica: 17,5°

FIG. B-2